

DENOMINACIÓN	AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU AUTOPROMOCIÓN DE VIVENDAS EN CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CON POBOACIÓN RESIDENTE IGUAL OU INFERIOR A 10.000 HABITANTES
CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	VI501B
BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA	DOG número 156, do 19 de agosto de 2026. RESOLUCIÓN do 11 de agosto de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición ou autopromoción de vivendas en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (Código de procedemento VI501B)
OBXECTO	Facilitar ás persoas mozas: - O acceso a unha vivenda en réxime de propiedade localizada nun concello con poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes. - A autopromoción dunha vivenda localizada nun concello con poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes.
PROCEDEMENTO	O procedemento iníciase de oficio, mediante a correspondente resolución de convocatoria.
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Desde as 09:00 horas do 27/08/2026 ata as 14:00 horas do 16/11/2026
FORMA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	Electronicamente
INFORMACIÓN	- SERVIZOS CENTRAIS IGVS.....981541981-981541982-981957529 - DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA981957838 - 981957887
CONSULTAS	planificacion.igvs@xunta.gal



PARA O SUPOSTO DE ADQUISICIÓN DUNHA VIVENDA:

REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS	Persoas físicas maiores de idade.
	Nacionalidade española, dun Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza ou parentesco determinado pola normativa de aplicación (no caso de estranxeiros non comunitarios: autorización de estancia ou residencia en España).
	Ter menos de 36 anos no momento de solicitar a axuda ou no momento da subscrición do contrato privado ou da formalización da escritura pública de compravenda, cando esta se realice antes da publicación da correspondente convocatoria.
	Ingresos anuais da unidade de convivencia iguais ou inferiores a: • 4,5 veces IPREM 2026 (1) • 5 veces IPREM 2026, se na unidade de convivencia existen persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. • 5,5 veces IPREM 2026, se na unidade de convivencia existen persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.
	Non ser propietarias nin usufrutuarías dalgunha vivenda en España (a persoa solicitante e a unidade de convivencia). Hai excepcións.
	Ter subscrito a partir do 1 de xaneiro de 2026 un contrato privado ou unha escritura pública de adquisición dunha vivenda.
	Estar empadroadas na vivenda adquirida (a persoa solicitante e a unidade de convivencia) e destinala a residencia habitual e permanente por un prazo mínimo de cinco anos desde a data da súa adquisición.
	Os demais requisitos previstos na convocatoria.
REQUISITOS DA ADQUISICIÓN DAS VIVENDAS	Localizadas nun municipio pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes.
	Adquiridas por un máximo de dúas persoas físicas.
	Prezo de adquisición da vivenda (excluídos gastos e tributos) igual ou inferior a 250.000,00 euros.
	Vivendas construídas no momento da presentación da solicitude. Admitíranse vivendas novas e usadas.
IMPORTE DA SUBVENCIÓN	Límite do 20% do prezo de adquisición da vivenda, sen incluír os gastos e tributos inherentes, cun máximo de 15.000 € por vivenda.

(1) IPREM 2026= 8.400 €



PARA O SUPOSTO DE AUTOPROMOCIÓN DUNHA VIVENDA:	
REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS	Persoas físicas maiores de idade.
	Nacionalidade española, dun Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza ou parentesco determinado pola normativa de aplicación (no caso de estranxeiros non comunitarios: autorización de estancia ou residencia en España).
	Ter menos de 36 anos no momento de solicitar a axuda.
	Ingresos anuais da unidade de convivencia iguais ou inferiores a: • 4,5 veces IPREM 2026 (1) • 5 veces IPREM 2026, se na unidade de convivencia existen persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. • 5,5 veces IPREM 2026, se na unidade de convivencia existen persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.
	Non ser propietarias nin usufrutuarías dalgunha vivenda en España (a persoa solicitante e a unidade de convivencia). Hai excepcións.
	Ser propietaria ou usufrutuaria da parcela ou soar na que se atope a vivenda construída.
	Destinar a vivenda construída a residencia habitual e permanente (a persoa solicitante e a unidade de convivencia) por un prazo mínimo de cinco anos desde a data da finalización da obra, debendo ser ocupada no prazo máximo de tres meses desde a dita data.
	Os demais requisitos previstos na convocatoria.
REQUISITOS DA AUTOPROMOCIÓN DAS VIVENDAS	Localizadas nun municipio pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes.
	Autopromocionadas por un máximo de dúas persoas físicas.
	Custo da autopromoción da vivenda (excluídos gastos e tributos e o valor do solo) igual ou inferior a 250.000,00 euros.
	Obras iniciadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2026 e finalizadas no momento da presentación da solicitude.
	Cumprir cos requisitos exixidos no Anexo I do Real decreto 326/2026, do 22 de abril, e na normativa técnica e urbanística en vigor.
IMPORTE DA SUBVENCIÓN	Límite do 20% do custo da autopromoción da vivenda, sen incluír os gastos e tributos inherentes, cun máximo de 15.000 € por vivenda.
(1) IPREM 2026= 8.400 €	